

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA COA LISTAXE DAS ACTIVIDADES SELECCIONADAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2025**

Mediante resolución reitoral de 3 de febreiro de 2025 foi publicada a relación provisoria coa listaxe de actividades seleccionadas ao abeiro da convocatoria de axudas destinadas ao desenvolvemento de actividades de dinamización sociocultural, físico-deportiva e cultural nos centros da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2025, convocadas por resolución reitoral de 27 de novembro de 2024.

Fronte á referida resolución provisoria, dispúxose un prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios oficial da USC, para que as persoas solicitantes puideran presentar alegacións.

Tendo transcorrido o citado prazo, e non habéndose presentado por parte das persoas solicitantes ningunha alegación fronte á resolución provisional,

**RESOLVO:**

**Único.-** Elevar a definitiva a resolución provisoria, de acordo co disposto no **Anexo I** (relación de axudas concedidas) na que figura a axuda e importe concedido e no **Anexo II** (relación de axudas non concedidas) da presente resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor

Antonio López Díaz

Por delegación de competencias (resolución reitoral de 21 de abril de 2022, DOG de 26 de abril de 2022)

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I  
Relación de axudas concedidas

Posto	Centro solicitante	Actividade	Orzamento concedido
1	Facultade de Ciencias da Comunicación	<i>Facom Fest</i>	2.250,00 €
2	Consello do estudantado	<i>Club de cine Facom</i>	700,00 €
3	Facultade de Física	<i>Quantum Cup</i>	314,58 €
4	Facultade de Física	<i>Torneo Xadrez</i>	426,96 €
5	Consello do estudantado	<i>Materia pendente: Foliada</i>	2.000,00 €
6	Consello do estudantado	<i>Polavila polaterra</i>	2.000,00 €
7	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	<i>3x3 da Facultade de CC Económicas e Empresariais</i>	530,00 €
8	Consello do estudantado	<i>Club de lectura Facom</i>	362,42 €
9	Facultade de Filosofía	<i>Cinema filosófico</i>	584,00 €
10	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	<i>Feira nas Nacionalidades</i>	804,00 €
11	Facultade de Filosofía	<i>Thinkers club</i>	1.460,00 €
12	Consello do estudantado	<i>Club de fotografía Facom</i>	1.645,85 €
13	Facultade de Ciencias da Educación	<i>Móvetes coa tradición: xogos bailados, percusión, regueifa</i>	1.750,00 €
14	Facultade de Filosofía	<i>Teatro na rúa</i>	1.750,00 €
15	Facultade de Filoloxía	<i>CineFilo</i>	1.737,50 €
16	Facultade de Física	<i>Quantum Music Festival</i>	1.687,50 €
18	Facultade de Ciencias da Educación	<i>Escritoras na universidade</i>	1.625,00 €
19	Facultade de Filoloxía	<i>Soutullo e Vert</i>	1.200,00 €
20	Facultade de Farmacia	<i>FarmaFest</i>	1.562,50 €
21	Facultade de Bioloxía	<i>Outono Biofest</i>	1.492,16 €
22	Consello do estudantado	<i>GaliMUN</i>	1.562,50 €
23	Facultade de Matemáticas	<i>Mindfulness para a saúde e redución do estrés: meditación e movemento</i>	1.500,00 €
24	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	<i>Hackathon estudantil USC</i>	1.353,50 €
25	Consello do estudantado	<i>Farmatrivial</i>	1.012,00 €
26	Facultade de Xeografía e Historia	<i>Encontros americanos na Granell</i>	1.362,50 €
27	Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo	<i>Equilibrio en movemento. Introducción ao taichí na Universidade</i>	1.312,50 €
28	Facultade de Bioloxía	<i>Eureka: Exposicións e coloquios científicos</i>	924,83 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>			<b>34.910,30 €</b>

ANEXO II  
**Relación de axudas non concedidas**

Posto	Centro solicitante	Actividade	Motivo
17	Facultade de Filosofía	<i>Artes visuais en Mazarelos</i>	Superar os catro mil euros de financiamento máximo aos que pode optar cada centro
29	Consello do estudantado	<i>SWEP</i>	Superar o importe do orzamento máximo dispoñible

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/02/2025 13:24:37.

**CSV:** 32CB-178E-4813-BBC2